

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Indique cal dos seguintes dereitos con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias contéplase no artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade:

- A) O dereito á información sobre os servizos sanitarios aos que se pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- B) O dereito á confidencialidade de toda a información relacionada co proceso e estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- C) O dereito a utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. O órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos denomínase:

- A) Comité de Saúde Laboral.
- B) Comité de Seguridade e Saúde.
- C) Comité de Prevención de Riscos Laborais.
- D) Comité de Seguridade e Convivencia Laboral.

3. O sistema público de saúde de Galicia estrutúrase en:

- A) Sete áreas sanitarias e catorce distritos sanitarios.
- B) Catorce áreas sanitarias e sete distritos sanitarios.
- C) Oito áreas sanitarias; dúas por cada provincia.
- D) Doce distritos sanitarios; tres por cada provincia.

4. Segundo o artigo 6 do decreto 206/2005, do 22 de xullo, a selección do persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral polo procedemento de:

- A) Concurso–oposición.
- B) Concurso.
- C) Oposición.
- D) Avaliación colexiada.

5. Segundo o artigo 70 da Lei de Saúde de Galicia, a unidade básica de prestación de servizos sanitarios é:

- A) A área sanitaria.
- B) O distrito sanitario.
- C) A área básica de saúde.
- D) A zona sanitaria.

6. Indique cal dos seguintes ten a condición de dereito fundamental na Constitución Española:

- A) O dereito á intimidade persoal e familiar.
- B) O dereito á vida.
- C) O dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos dereitos e intereses lexítimos.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. A Constitución Española, no seu artigo 43, recoñece:

- A) O dereito a sindicarse libremente.
- B) O dereito á protección da saúde.
- C) O dereito á negociación colectiva.
- D) O dereito de participación nos asuntos públicos.

8. O artigo 20 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, indica que deben conservarse indefinidamente:

- A) As follas de alta voluntaria.
- B) Os informes de anestesia.
- C) Os informes de exploracións complementarias.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

9. Segundo o artigo 13 do Estatuto de Autonomía de Galicia, as leis de Galicia publícanse:

- A) No Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.
- B) Só no Diario Oficial de Galicia.
- C) Só no Boletín Oficial do Estado.
- D) No Diario Oficial de Galicia e na publicación oficial das restantes comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

10. O complemento retributivo que percibe o persoal estatutario, correspondente ao nivel do posto que desempeña, denomínase:

- A) Complemento de nivel.
- B) Complemento específico.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento de posto.

Preguntas de reserva

1. Consonte o artigo 40 do decreto 206/2005, de 22 de xullo, os postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria, que non requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, son provistos polo sistema de:

- A) Concurso de méritos.
- B) Libre designación.
- C) Entrevista e proxecto técnico.
- D) Avaliación colexiada.

2. Segundo o artigo 4 da Lei galega 3/2001, de 28 de maio, o consentimento informado debe solicitarse:

- A) Polo persoal da Unidade de Atención ao Paciente do centro sanitario.
- B) Polo persoal do Servizo de Admisión do centro sanitario.
- C) Polo médico designado para a atención do paciente ou polo que practique a súa intervención diagnóstica ou terapéutica.
- D) Polo persoal de enfermaría que interveña na atención do paciente.